

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 22 DE MAIO DE 2017

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10:15 horas do día 22 de maio de 2017, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 18 de maio, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente: D^a. M^a Jesús Lago Rey

Vocais: D^a. Susana García Álvarez
D^a. Catalina Alfayate Rodríguez
D. Manuel Xosé Lorenzo Penela
D. Luis García Álvarez (asiste aos puntos 2a e 3a)
D^a. María José Loureiro Bada (asiste aos puntos 8a, 9a e 10a)
D. Luis Rodríguez Cadarso de la Peña (asiste aos puntos 11b e 15a)
D^a. Marta M. Rioboó Ibáñez (asiste aos puntos 11b e 15a)
D. Fernando Carballo Villar (asiste ao punto 11a)
D^a. María del Carmen Pintado García (asiste ao punto 14a)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Aprobación de actas**a) Acta da sesión do 5 de maio de 2017 (sesión das 09:00h)**

Apróbase a acta da sesión do 5 de maio de 2017 (ás 09:00h) cos votos de D^a. Susana García Álvarez e D^a. Catalina Alfayate Rodríguez, D. Manuel Xosé Lorenzo Penela e D. José Riesgo Boluda.

b) Acta da sesión do 9 de maio de 2017

Apróbase a acta da sesión do 9 de maio de 2017 cos votos de D^a. Susana García Álvarez, D^a. Catalina Alfayate Rodríguez e D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.

c) Acta da sesión do 11 de maio de 2017

Apróbase a acta da sesión do 11 de maio de 2017 cos votos de D^a. Susana García Álvarez, D^a. Catalina Alfayate Rodríguez, D. Manuel Xosé Lorenzo Penela e D. José Riesgo Boluda.

2.- Apertura administrativa**a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de colaboración**

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 22:17	Páxina 1 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAE43-CDDE22-DDA6D7-9DZCP7-VWGPED-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

nos procedementos de recadación en período executivo, nos procedementos sancionadores da concellería delegada de mobilidade e seguridade, multas de circulación e liquidacións das taxas practicadas pola retirada e custodia de vehículos no depósito municipal (16.863-541)

Non se trata este asunto por non ter constancia da recepción de todas as proposicións presentadas a esta licitación.

3.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de colaboración nos procedementos de recadación en período executivo, nos procedementos sancionadores da concellería delegada de mobilidade e seguridade, multas de circulación e liquidacións das taxas practicadas pola retirada e custodia de vehículos no depósito municipal (16.863-541)

Non se trata este asunto por non ter constancia da recepción de todas as proposicións presentadas a esta licitación.

8.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de material e aluguer de maquinaria para obras a realizar nos colexios de educación infantil e primaria polo persoal beneficiario do programa “VIGO EMPREGA” (18.570-332)

Entrégase o informe asinado pola xefa do Servizo de Educación o 11 de maio de 2017 de valoración do sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” coa proposta de clasificación.

9.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de material e aluguer de maquinaria para obras a realizar nos colexios de educación infantil e primaria polo persoal beneficiario do programa “VIGO EMPREGA” (18.570-332)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado pola xefa do Servizo de Educación o 11 de maio de 2017 de valoración do sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” coa proposta de clasificación.

10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de material e aluguer de maquinaria para obras a realizar nos colexios de educación infantil e primaria polo persoal beneficiario do programa “VIGO EMPREGA” (18.570-332)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 22:17	Páxina 2 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAE43-CDDE22-DDA6D7-9DZCP7-VWGPED-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro de material e aluguer de maquinaria para obras a realizar nos colexios de educación infantil e primaria polo persoal beneficiario do programa “VIGO EMPREGA” (18.570-332) na seguinte orde descendente:

LOTE Nº 1 formigóns, morteiros, etc.	
LICITADOR	PUNTUACIÓN
MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN FERNANDO ALONSO, S.L.	100,00
TRANSPORTES PABLO VAL, S.L.	86,67
GARCI VENTA, S.L.	53,33

LOTE Nº 2 materiais de albanelería e sanitarios	
LICITADOR	PUNTUACIÓN
TRANSPORTES PABLO VAL, S.L.	100,00
MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN FERNANDO ALONSO, S.L.	89,47
GARCIVENTA, S.L.	14,55

LOTE Nº 3 materiais para carpintería de madeira	
LICITADOR	PUNTUACIÓN
TRANSPORTES PABLO VAL, S.L.	100,00
GARCIVENTA, S.L.	3,17

LOTE Nº 4 materiais para carpintería de aluminio	
LICITADOR	PUNTUACIÓN
MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN FERNANDO ALONSO, S.L.	100,00

LOTE Nº 5 materiais para fontanería e saneamento	
LICITADOR	PUNTUACIÓN
ICOGA, S.L.	100,00
MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN FERNANDO ALONSO, S.L.	80,22
TRANSPORTES PABLO VAL, S.L.	80,22
GARCIVENTA, S.L.	68,57

LOTE Nº 6 material para instalacións eléctricas
--



LICITADOR	PUNTUACIÓN
MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN FERNANDO ALONSO, S.L.	100,00
GARCIVENTA, S.L.	25,71

LOTE Nº 7 aluguer de maquinaria	
LICITADOR	PUNTUACIÓN
MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN FERNANDO ALONSO, S.L.	100,00
TRANSPORTES PABLO VAL, S.L.	86,39
GARCIVENTA, S.L.	9,06

Segundo.- Requirit aos licitadores clasificados en primeiro lugar en cada un dos lotes, MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN FERNANDO ALONSO, S.L. (lotes 1, 4, 6 e 7), TRANSPORTES PABLO VAL, S.L. (lotes 2 e 3) e ICOGA, S.L. (lote 5), para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requirit aos citados licitadores o aboamento de 1.150,56 euros (164,37 euros por lote) en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

15.- Incidencias

a) Escrito presentado por D. Rubén Pérez Correa, concelleiro do Grupo Municipal da Marea de Vigo, no que advirte que as empresas clasificadas en primeiro e segundo lugar no procedemento aberto para a contratación por procedemento aberto da explotación da cafetería e a instalación de máquinas expendedoras de bebidas e sólidos (vending) na Casa do Concello (19.840-240), OH VIGO, S.L. e VIGO EVENTOS, S.L., “figuran no Rexistro Mercantil a cargo do mesmo empresario que, a día de hoxe mantén débedas con traballadoras e traballadores, arrastradas dende hai máis de 5 anos, débedas polas que ten un embargo a través do xulgado”.

A secretaria informa aos membros da Mesa do escrito presentado por D. Rubén Pérez Correa, concelleiro do Grupo Municipal da Marea de Vigo, no que advirte que as empresas clasificadas en primeiro e segundo lugar no procedemento aberto para a contratación por procedemento aberto da explotación da cafetería e a instalación de máquinas expendedoras de bebidas e sólidos (vending) na Casa do Concello (19.840-240), OH VIGO, S.L. e VIGO EVENTOS, S.L., “figuran no Rexistro Mercantil a cargo do



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 22:17	Páxina 4 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAE43-CDDE22-DDA6D7-9DZCP7-VWGPED-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

mesmo empresario que, a día de hoxe mantén débedas con traballadoras e traballadores, arrastradas dende hai máis de 5 anos, débedas polas que ten un embargo a través do xulgado”.

11.- Propostas de adjudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia nocturna e transporte de fondos nas instalacións de Vigozoo (7.173-612)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia nocturna e transporte de fondos nas instalacións de Vigozoo (7.173-612)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 16 de febreiro de 2017, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento na seguinte orde descendente:

Licitador	Puntuación
GRUPO RMD SEGURIDAD, S.L.	100
UTE SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA, S.A.	2,73

Segundo.- *Requirir ao licitador clasificado no primeiro lugar, GRUPO RMD SEGURIDAD, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
3. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que, segundo a cláusula 8 e o apartado 6E do Anexo I -FEC- do PCAP, esíxese unha determinada habilitación profesional para a execución do contrato; para tal efecto deberán presentar a documentación acreditativa da inscrición no Rexistro Nacional de Seguridade*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 22:17	Páxina 5 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAE43-CDDE22-DDA6D7-9DZCP7-VWGPED-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Privada do Ministerio do Interior ou Rexistro Autonómico onde teñan o seu domicilio, así como a pertinente autorización para a realización do transporte e distribución de efectivo.

4. *Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do PCAP.*

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.804,39 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Con data do 20 de abril de 2017, a Xunta de Goberno local adoptou o seguinte acordo:

“Á vista da documentación presentada o 28 de febreiro de 2017 polo licitador clasificado en primeiro lugar, GRUPO RMD SEGURIDAD, S.L., do informe emitido pola Dirección Xeral da Policía (Unidade Territorial de Seguridade Privada do Ministerio do Interior) de data 16 de marzo de 2017 e das actuacións desta Mesa de Contratación, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Dar conta de que o licitador clasificado en primeiro lugar, GRUPO RMD SEGURIDAD, S.L., non cumprimentou adecuadamente o requirimento ao que se refire o artigo 151.2 do TRLCSP no prazo sinalado, polo que se entende que retirou a súa oferta.

Segundo.- Iniciar os trámites pertinentes para proceder á devolución da garantía depositada por GRUPO RMD SEGURIDAD, S.L. (por importe de 14.600,00 euros), así como o importe abonado en concepto de anuncios (1.804,39 euros).

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en segundo lugar, UTE SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA, S.A. e LOOMIS, S.A., seguindo a orde de clasificación acordada pola Xunta de Goberno na sesión do 16 de febreiro de 2017, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
3. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que, segundo a cláusula 8 e o apartado 6E do Anexo I -FEC- do PCAP, esíxese unha determinada habilitación profesional para a execución do contrato; para tal efecto deberán presentar a documentación acreditativa da inscrición no Rexistro Nacional de Seguridade Privada do Ministerio do Interior ou Rexistro Autonómico onde teñan o seu domicilio como empresa autorizada para as actividades de vixilancia e transporte e distribución de efectivo (necesarias para a realización do obxecto deste contrato -apartado 2A do Anexo I -FEC-).*
4. *Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do PCAP.*

Cuarto.- Requirir á UTE SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA, S.A. e LOOMIS, S.A. o aboamento de 1.804,39 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 22:17	Páxina 6 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAE43-CDDE22-DDA6D7-9DZCP7-VWGPED-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Terceiro.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en segundo lugar, UTE SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA, S.A. e LOOMIS, S.A., o día 21 de abril de 2017, que presentou determinada documentación o 8 de maio, dentro do prazo concedido. Tras a súa cualificación pola Mesa de Contratación na sesión do 21 de abril de 2017, esta acordou conceder ao licitador un prazo de tres días hábiles para a emenda da documentación.

Dentro do prazo concedido, o 18 de maio de 2017, o citado licitador presenta nova documentación. A Mesa de Contratación, na súa sesión do 22 de maio de 2017, revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que se acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en segundo lugar UTE SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA, S.A. e LOOMIS, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A segunda oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por UTE SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA, S.A. e LOOMIS, S.A., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de data 10 de xaneiro de 2017.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar á UTE SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA, S.A. e LOOMIS, S.A., o procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia nocturna e



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 22:17	Páxina 7 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAE43-CDDE22-DDA6D7-9DZCP7-VWGPED-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

transporte de fondos nas instalacións de Vigozoo (7.173-612) coas seguintes condicións:

- a) *O prezo total do contrato é de 357.797,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 62.097,00 euros.*
- b) *Propoñen unha bolsa de horas de prestación do servizo sen custo para o Concello de 40 horas.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

b) Procedemento aberto para a contratación da explotación da cafetería e a instalación de máquinas expendedoras de bebidas e sólidos (vending) na Casa do Concello (19.840-240)

A secretaria lembra aos membros da Mesa que con data do 4 de maio de 2017 se requiriu ao licitador clasificado en segundo lugar, VIGO EVENTOS, S.L. a presentación da documentación esixida polo artigo 151.2 do TRLCSP.

Con data do 18 de maio, dentro do prazo concedido, o citado licitador presentou determinada documentación, da que se deu conta á Mesa de Contratación. A secretaria comunica os membros da Mesa que a documentación non inclúe a escritura de constitución e os estatutos, se ben esta documentación consta en poder da Administración no expediente nº 6603-12 (Contratación da explotación do servizo de cafetería e de máquinas expendedoras de bebidas e sólidos no Parque das Ciencias de Vigo), polo que foi solicitada ao servizo correspondente para a súa consulta e incorporada unha copia ao expediente.

14.- Dar conta da interposición/resolución de recursos

a) Resolución nº 378/2017, do 28 de abril de 2017, do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales, pola que se desestima o recurso especial en materia de contratación interposto por D. Miguel Ángel Rodríguez presumido, en representación de APARCAMIENTOS SABA, S.A. contra a adxudicación do procedemento aberto para a contratación da concesión de servizo público do aparcadoiro situado na praza de Portugal (429-449)

Dáse conta da resolución nº 378/2017, do 28 de abril de 2017, do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales pola que se desestima o recurso interposto por APARCAMIENTOS SABA, S.A. contra o acordo de adxudicación deste procedemento. A secretaria comunica aos membros da Mesa que a Xunta de Goberno local tomou razón desta resolución na sesión do 12 de maio de 2017.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 11:05 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

A presidenta da Mesa de Contratación



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 22:17	Páxina 8 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAE43-CDDE22-DDA6D7-9DZCP7-VWGPED-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 22:17	Páxina 9 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAE43-CDDE22-DDA6D7-9DZCP7-VWGPED-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		